

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentari da Alternativa Galega de Esquerda, por medio da súa deputada Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa á situación do xulgado de paz de Santa Comba.

Exposición de motivos

A administración de xustiza sofre os incesantes recortes que practica unha Xunta que non quere dotar dos recursos suficientes a un servizo público esencial para a vixencia dun réxime democrático. Dende a negativa a crear novos órganos xudiciais que superen o colapso en varias xurisdicións ate a negativa a crear un órgano encargado especificamente de combater a corrupción política-empresarial, pasando polos atrancos ao mero funcionamento dos xulgados de paz, atrapados na falla de material e persoal, a Xunta sostén unha práctica obstrucionista en materia de xustiza.

Así, no xulgado de paz de Santa Comba aténdense a unha media de 20 persoas ao día, lévanse uns 700 asuntos penais e civís e se tramitan no rexistro civil uns 250 casos. Esta cantidade de trámites recaen na actualidade nunha soa persoa, que sofre unha sobrecarga de traballo brutal que está a repercutir severamente na súa saúde.

O xulgado de paz de Santa Comba estaba dotado con 3 funcionarios de plantilla, dous do corpo de xestión procesual e un de auxilio xudicial. O fogo amigo da Xunta de Galicia, a súa política de recortes, cobrouse no ano 2012 un deses funcionarios. Logo, en novembro, chegou a continxencia do traslado por concurso do traballador do corpo de auxilio xudicial, o que deixou a plantilla efectiva do xulgado nunha soa persoa. A vacante causada polo concurso de traslados solicitouse ser cuberta con data de rexistro do 18 de novembro; preto de dous meses transcorreron sen sinais de vida por parte da Xunta.

A conclusión deste sucinto retrato ben pode ser que a xustiza de proximidade non lle importa en absoluto á Xunta.



En atención ao sinalado, o grupo parlamentar presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a completar de maneira urxente a dotación de persoal do xulgado de paz de Santa Comba, cubrindo a baixa causada polo concurso de traslados.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a recuperar o cadro de persoal do xulgado de paz de Santa Comba previo aos recortes practicados no ano 2012.

En Compostela, 13 de xaneiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 13/01/2015 13:20:22